

'Tardes con Margueritte', unha loita contra a soidade

Un home supera a súa carencia formativa e afectiva grazas a unha amizade inesperada máis alá das fronteiras da idade

ESTHER DE LEÓN VILORIA
USC/CRPIH

La tête en friche é a primeira obra traducida ao galego de Marie-Sabine Roger (Bordeaux, 1957) baixo o mesmo título que a versión castelá: *Tardes con Margueritte* (publicada no noso idioma no ano 2009). Esta tradución inclínase por outorgar maior presenza a unha das personaxes protagonistas, a anciá Margueritte, en lugar de penetrar no sentido máis fondo da novela.

Literalmente *friche* é un terreo sen cultivar, mentres que *tête en friche* alude a unha cabeza un pouco salvaxe cos cabelos desordenados. En sentido figurado, aquel que máis nos aproxima ao significado profundo da novela refírese a unha mente na que os pensamentos se dispersan dunha maneira caótica, a unha intelixencia carente do enriquecemento cultural.

CARAVANA NO XARDÍN. O merecedor de tal "afago" é Germain, un home rudo en aparencia pero dotado ao mesmo tempo dunha gran tenrura. Aos corenta e cinco anos só se emancipou parcialmente, pois vive nunha caravana instalada no xardín da casa materna, e resístese, aínda que cada vez con menos forza, a formalizar a súa relación con Annette.

Cun ton desenfadado a escritora gala leva a cabo un retrato bastante crítico da sociedade francesa ao se



A autora de 'La tête en friche', Marie-Sabine Roger



'Tardes con Margueritte'

vés das conversas no grupo de amigos de Germain. Preocupante resulta tamén a porcentaxe da cidadanía, incluído el, que traballa de maneira esporádica e vive das axudas estatais o resto do tempo.

Unha amizade inesperada. Margueritte, permítalle superarse a nivel intelectual e emocional. Ademais de compartir unha particular columbofilia, espertará nel unha intensa curiosidade por múltiples cuestións que ata agora lle pasaron desapercibidas.

RELACIÓN MÁIS MADURA. As súas conversas, ambientadas no banco dun parque, como as de tantas parellas de namorados, adquiren progresivamente intimidade grazas á naturalidade da diminuta velliña, que obtén así a confianza do xigantón. O afecto e o desexo de protección que a anciá esperta en Germain provocan un cambio de actitude nel, que facilita unha relación máis madura coa súa contorna.

A novela, publicada por Éditions du Rouergue no ano 2008 nunha colección dirixida ao lectorado adulto, incorpórase ao sistema literario galego a través de "Fóra de xogo", de Edicións Xerais de Galicia, gañándose así para a Literatura Infantil e Xuvenil. A pesar de que a historia desta extraña parella reflicte experiencias dunha franxa de idade adulta, pode favorecer a aprendizaxe vital da mocidade.

leonviloria@hotmail.com